



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTA

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- , -

No día de hoxe 25/10/2018 , ás 20:02 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARIA JESUS NOVO GOMEZ (Do grupo municipal do PP)

ASISTEN:

PP

LUIS RICO VERA

ELISARDO MONTERO CASTRO

JESUS ANGEL COSTOYA RUA

ROGELIO SUEIRO CARRO

PSOE

ANA LEDO FERNANDEZ

SANDRA SANCHEZ IÑIGUEZ

ABELARDO SEOANE VAZQUEZ

BNG

RAQUEL VAL VAZQUEZ

XOSE LUIS RIVAS CRUZ

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

AUSENCIAS: Non.

SECRETARIA - INTERVENTORA:

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 28/06/2018 sinala esta Secretaría que e necesario corrixir en punto da orde do día 2 o número de suplemento de credito 2/2018 e non 2016 así como o nome das obras do PEIM en vez de Mellora mantemento camiños Capela San Brais e Baiuca sería Mellora camiños Boimorto, Cheda Vilanova, Ribadizo Fraga e Arentía .

A Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación coas rectificacións indicadas por Secretaría , e aprobase a acta por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

2.- RATIFICACIÓN PLENARIA DECRETO 267/2018 EXPEDIENTE OBRADOIRO DE EMPREGO MELIDE BOIMORTO

Pola Secretaria dase lectura á proposta relacionada con este punto da orde do día tal e como segue

“Visto o decreto 267/2018 que se transcribe a continuación :

Descrición Decreto: Solicitud de subvención obradoiro de emprego Melide- Boimorto Natureza no Camiño de Santiago

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a Orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento TR353A).

Advertida por secretaría intervención que non hai expediente para a tramitación conxunta desta solicitude e non existe informe técnico sobre a necesidade de autorizacións sectorais e da competencia plenaria para por maioría absoluta segundo o artigo 47 da Lei 7/1985 do 2 de abril “ g) Creación, modificación o disolución de mancomunidades u outras organizacións asociativas, así como la adhesión a las mismas y la aprobación y modificación de sus estatutos”, o que invalidaría de nulidade a efectividade deste acordo sen ratificación plenaria.

Que por secretaría intervención se descoñece o compromiso que se adquire polo Concello de Boimorto de aportación municipal, polo que esta secretaría intervención non pode certificar a existencia de crédito suficiente para ditos compromisos.

Polo presente no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Promover a aprobación do proxecto denominado Melide- Boimorto: Natureza no Camiño de Santiago, para a posta en funcionamento dun obradoiro dual de emprego coas seguintes especialidades:

ESPECILIDADE	CÓDIGO	DURACIÓN (MESES)	Nº ALUMNOS-TRABALLADORES
Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría	AGAO0108	9	10
Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes	AGAO0208	9	10

SEGUNDO.- Solicitar unha subvención para o financiamento do dito obradoiro: gastos de contratación de persoal directivo, docente e administrativo; gastos de contratación do alumnado e outros gastos necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

TERCEIRO.- Aceptar que o Concello de Melide sexa o concello promotor e titular da subvención para actuar en nome e representación do Concello de Boimorto na realización do proxecto Melide-Boimorto: Natureza no Camiño de Santiago, segundo o convenio que en caso de aceptación plenaria se asinaría entre os representantes legais dos Concellos de Melide e Boimorto.

CUARTO.- Esta alcaldía delega no Concello de Melide a efectos da dita subvención para que actúa en nome deste Concello.

QUINTO.- Solicitar no próximo pleno a aprobación deste expediente por maioría absoluta con ratificación deste decreto e que me faculte para actuar en nome e representación do Concello de Boimorto para demáis trámites que xurdan neste expediente.

BOIMORTO, venres 22 de xuño de 2018

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, a secretaria

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VAZQUEZ

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar o contido íntegro de dito decreto (267/2018) tendo en conta as advertencias legais dos considerandos do mesmo .

SEGUNDO.- Validar á sinatura pola Alcaldía do Convenio de colaboración que consta no expediente " Convenio de colaboración obradoiro de emprego Melide Boimorto Natureza no Camiño de Santiago . xa asinado dixitalmente coa Alcaldesa de Melide en data 8/8/2018.

TERCEIRO.- Certificación deste decreto se remita ó Concello de Melide os efectos oportunos.

En Boimorto a Alcaldesa:

Asdo.- M^a Jesús Novo Gómez "

Di a Alcaldesa que hoxe xa consta no expediente informe técnico sobre a non necesidade de autorización de patrimonio para estas actuacións , explica que non hai prevista unha partida de gastos xa que non lle consta que teña Boimorto de asumir gastos , no último obradoiro con Sobrado non tivo o Concello gastos . Explica que dez alumnos son para Boimorto cinco para cada especialidade .

A Alcaldesa dalle a palabra ó concelleiro do grupo municipal do BNG D. Xosé Luis Rivas que pregunta polo futuro da xardinería e necesidades ar facer este obradoiro cando considera que hai máis saídas noutras actividades.

A Alcaldesa resposta que o último obradoiro de emprego de axuda no fogar con moita saída profesional non se podía repetir .



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

O concelleiro do BNG protesta pola pouca difusión para que a xente demandase a súa participación.

A Alcadesa indica datas de publicación en páxina web e como houbo difusión por boletín e sondeo do INEM.

Continúa a súa protesta o concelleiro pola falta de información clara

Sen máis intervencións por maioría absoluta con 10 votos a favor (6 dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PsdG-PSOE, 1 do membro non adscrito, 3 dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PsdG_PSOE e 1 do concelleiro do BNG) e 1 abstención da concelleira do BNG, o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Ratificar o contido íntegro de dito decreto tendo en conta as advertencias legais dos considerandos do mesmo .

SEGUNDO.- Validar á sinatura pola Alcaldía do Convenio de colaboración que consta no expediente " Convenio de colaboración obradoiro de emprego Melide Boimorto Natureza no Camiño de Santiago . xa asinado dixitalmente coa Alcadesa de Melide en data 8/8/2018.

TERCEIRO.- Certificación deste decreto se remita ó Concello de Melide os efectos oportunos.

3.- PROPOSTA DÍAS FESTIVOS MUNICIPAIS ANUALIDADE 2019.

Pola secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente :

"Visto escrito con rexistro de entrada no Concello nº 2443 en data 17/10/2018 no que pola Xunta de Galicia, Consellería de Economía Emprego e Industria Xefatura Territorial de A Coruña en relación có calendario laboral ano 2019 solicitan a este Concello que envíe proposta na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o vindeiro ano 2019 , acordo a remitir antes do 11/11/2018.

Propoño que o Pleno municipal adopte o presente ACORDO:

PRIMEIRO; Declarar como festivos municipais de carácter retribuído non recuperables para a anualidade 2019:

a) Martes de carnaval 5 de marzo de 2019.

b) O luns 2 de setembro de 2019.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida á Xunta de Galicia, Consellería de Economía Emprego e Industria Xefatura Territorial de A Coruña ."

Sen máis intervención por unanimidade con 11 votos a favor o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Declarar como festivos municipais de carácter retribuído non recuperables para a anualidade 2019:

a) Martes de carnaval 5 de marzo de 2019.

b) O luns 2 de setembro de 2019.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida á Xunta de Galicia, Consellería de Economía Emprego e Industria Xefatura Territorial de A Coruña .



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

3.- DACIÓN DE CONTA PERIODO MEDIO DE PAGO SEGUNDO E TERCEIRO TRIMESTRE DE 2018.

Pola Secretaria dase conta do PMP do segundo e terceiro trimestre de 2018 tal como segue.

PMP 2º TRIMESTRE:

Ratio de operacións pagadas : 13,70 días.

Importe de operacións pagadas: 234.484,62€

Ratio operacións pendentes de pago: 2,00 días

Importe de operacións pendentes de pago: 43.174,23

Período medio de pago de la entidade: 11,00 días

PMP 3º TRIMESTRE:

Ratio de operacións pagadas : 12,25 días.

Importe de operacións pagadas: 193.978,81€

Ratio operacións pendentes de pago: 36,61 días

Importe de operacións pendentes de pago: 73.227,44

Período medio de pago de la entidade: 18,93 días.

Os membros do Pleno danse por enterados.

5.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía Presidencia ditadas entre os días 25/09/2018 ata 22/10/2018 números 419 (2018) a 476 (2018).

Pregunta a Alcaldía en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que non entre no punto de rogos e preguntas.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

MOCIÓNS DE URXENCIA

O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas Cruz expón que ten dúas mocións , dándolle a palabra á Alcaldesa para a exposición previa da urxencia.

O concelleiro D. Xosé Luis Rivas continúa indicando que a primeira moción e sobre o sector eléctrico e a urxencia xa se sabe por todos ante a subida dos prezos e o problema con este sector “ por unanimidade con 11 votos a favor o Pleno acepta a urxencia e o concelleiro pasa a expor a moción que có texto completo que pasa a esta Secretaría di:

“

MOCIÓN SOBRE O SECTOR ELÉCTRICO

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O nacionalismo galego defende que a enerxía debe ser entendida como un ben público e a política enerxética debe desenvolverse en base a esta consideración, superando a concepción actual como unha mera mercadoría legalizada polos gobernos centrais de PP e PSOE. Do mesmo xeito, o subministro de enerxía debe ter a concepción de servizo público e o seu acceso debe ser un dereito garantido para todas as persoas por riba dos intereses económicos do oligopolio eléctrico. Porén, na actualidade, o sistema funciona en liñas totalmente contrarias a estes principios, favorecendo un prezo final da enerxía eléctrica imposíbel de soportar para moitos fogares e tamén para o tecido económico e produtivo de Galiza.

Un factor fundamental é que o actual sistema de xeración de prezos é totalmente opaco e inxusto. Mediante un mecanismo de poxa o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que posto que existen tecnoloxías que producen a uns custos moi diferentes, acabe marcando o prezo de forma habitual unha das tecnoloxías máis caras. Isto dá como resultado que se xeren os coñecidos no propio sector como “beneficios chovidos do ceo”, especialmente no caso de tecnoloxías case ou totalmente amortizadas, como sucede coas hidroeléctricas e a enerxía nuclear. Por poñer un exemplo, no último ano completo (2017) as tres maiores compañías eléctricas que operan no Estado español (Iberdrola, Endesa e a actual Naturgy) obtiveron uns beneficios 5.627 millóns de euros, un 3% máis que no exercicio anterior malia que 2017 foi un ano de seca que impactou de forma negativa en termos hidrolóxicos.

Por outra banda, hai que engadir que a electricidade ten unha fiscalidade absolutamente disparatada e excesiva, o que tamén incrementa o prezo final. Por exemplo, o prezo da electricidade ademais de ter diferentes impostos que se solapan, atópase no tramo mais elevado do IVE, no 21%, sendo un dos máis altos de Europa ao tempo que cuestións non básicas como as touradas ou un coche de luxo teñen un gravame menor. A única razón para que o IVE non se reduza é o afán de recadación do Estado.

Cómpre ter en conta tamén que Galiza tivo e ten un papel de produtor de enerxía que non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas, moitas delas do período da ditadura franquista, e do que non obtemos compensación. Nesa función imposta de país produtor, xeramos enerxía para



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

o consumo doutros territorios do Estado español, exportando unha media dun 35% de electricidade. Mentres outros territorios aforran os custos do impacto social e ambiental que sufrimos nós, Galiza non obtén ningún beneficio. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español que, mentres nos adxudicaba ese papel, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.

Con este modelo, mentres Estado e eléctricas aumentan os seus beneficios e Galiza exporta enerxía, no noso país hai máis de 442.000 persoas que declaran non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada e a taxa de risco da pobreza incrementou nun 12,15% dende o 2009. Para combater a dificultade que supón o acceso á enerxía non son suficientes nin o bono social do Estado nin o ticket eléctrico da Xunta de Galiza, que chegan a unha porcentaxe moi reducida da poboación.

Non é de recibo que por riba de non beneficiármonos de producir, grazas ás políticas enerxéticas do Partido Popular, Galiza vaia pagar a factura máis cara do Estado. A posibilidade de introducir suplementos territoriais na tarifa eléctrica xa figuraba na Lei do Sector Eléctrico do ano 1997 e na vixente de 2013. Porén, foi a aprobación do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de Rajoy o que converteu o que a Lei recollía como posibilidade en obrigatorio para o 2013. Resultado disto as eléctricas recorreron e o Tribunal Supremo deulle a razón en distintas sentenzas. Como resultado, vaise repercutir o recadado en varios impostos nas facturas dos galegos e galegas para recadar arredor de 38 millóns de euros. Isto é un absoluto disparate, quen produce paga máis que quen non e as galegas e galegos imos recibir o tarifazo máis grande do Estado.

Desde o BNG defendemos que Galiza ten dereito a controlar os seus recursos enerxéticos e para iso é fundamental poñer fin a esta situación de explotación colonial e reclamar capacidade normativa para poder tomar as decisións referentes a todos os aspectos do desenvolvemento enerxético. En canto a falta de soberanía política non nos permita desenvolver unha política enerxética propia en todos os aspectos, si é posíbel avanzar progresivamente para establecer medidas que compensen tantos anos de espolio sen recibir nada a cambio. Son decisións políticas que debemos tomar para corrixir un agravio histórico e por xustiza social.

Por todas estas cuestións, é imperativo demandar cambios inmediatos na regulación eléctrica para que a electricidade sexa un servizo básico e estean cubertas as necesidades sociais e económicas dun país coma o noso, tendo en conta que a xeración eléctrica leva aparellados elevados custos sociais e medioambientais que deben sernos compensarnos.

Neste sentido, unha tarifa eléctrica galega que abarate vía peaxes o prezo final da enerxía no noso país axudaría a democratizar o acceso á enerxía para todas as persoas e, asemade, contribuiría a asentarmos o tecido industrial e económico do país, frear a deslocalización e evitar a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Central

A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%.

Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.

Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.

Boimorto, 25 de outubro de 2.018

“

Expón o concelleiro que o noso país ten falta de industrialización e a tarifa eléctrica máis alta, di que os gandeiros pagan moito máis elevado por Europa e non se ten en conta que Gas natural xera aquí riqueza e paga impostos en Madrid.

Reclama unha bonificación na electricidade para empresas e autónomos para fomentar a industria en Galicia.

Tras debate entre concelleiros do PsdG-PSOE e este concelleiro do BNG en relación coa existencia de dominio público estatal sobre as augas e críticas a FEGAMP e o monopolio da enerxía eléctrica o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Central a inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%.

SEGUNDO.- Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.

TERCEIRO.- Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.

Continúa o grupo municipal do BNG coa exposición da urxencia da segunda moción presentada **MOCIÓN EN APOIO AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE ALCO DEMANDANDO SOLUCIÓN AO ANUNCIADO PECHE** pola concelleira D^a Raquel Val, xustifican a urxencia en evitar o inmediato peche de Alcoa a que se acepta por unanimidade con 11 votos a favor.

A Moción ten o seguinte contido:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

MOCIÓN EN APOIO AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE ALCOA DEMANDANDO SOLUCIÓN AO ANUNCIADO PECHÉ

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de outubro a empresa Alcoa comunicou aos cadros de persoal así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa na Coruña.

O grupo conta na Coruña con preto de 400 traballadores e traballadoras, polo que a consumación do peche tería un enorme impacto na cidade e na súa contorna, ademais de contribuír á perda de tecido industrial en Galiza.

Unha das razóns fundamentais do peche vén sendo o prezo da factura da luz, que supón máis do 40% dos custos de produción. Unha evidencia máis de que a defensa que fai o nacionalismo da necesidade de mudar o sistema de poxas de interrompibilidade por un marco máis estábel, demanda tamén do propio sector electrointensivo, así como promover unha tarifa eléctrica galega que dea vantaxes competitivas ás empresas radicadas no noso país, están de extrema actualidade. Poñer solución a esta crise e aos graves problemas que supón o marco eléctrico por inestábel e polo constante incremento do prezo depende de decisións políticas.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1.- Expresar o apoio aos traballadores e traballadoras de Alcoa e ás súas mobilizacións.
- 2.- Demandar da Xunta de Galiza a realización de todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo de Alcoa en Galiza, a comezar por:
- 3.- Solicitar inmediatamente da multinacional a retirada do ERE de extinción de emprego.
- 4.- Promover a constitución dunha mesa de negociación para loitar pola continuidade da empresa na que se dea participación ao cadro de persoal, entidades sociais e administracións comprometidas coa súa permanencia.
- 5.- Negociar co goberno central un marco enerxético estábel para a industria do noso país que permita unha tarifa eléctrica galega que mellore a nosa competitividade por sermos produtores excedentarios de enerxía, contribuíndo ao abaratamento da factura destas industrias baixo o cumprimento dunha serie de compromisos de investimento e mantemento dos postos de traballo.

Boimorto, 25 de outubro de 2018"



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Critica a concelleira que no País Váscos por apoio do PNV aos orzamentos xerais do Estado de Rajoy teñan bonificacións a tarifas eléctricas en industria . Sinala que hai familias con varios membros traballando en Alcoa, que os postos herdábanse que inda tendo beneficios fixeron ERE e dándolles a Xunta no ano 2012 252.000€ despediron persoal .

A Alcaldesa di que apoia o seu grupo municipal a moción se se aclara que no segundo punto se demanda que a Xunta siga coa realización de tódalas accións ...pide que conste en acta que a Xunta xa está actuando para evitar este peche.

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor de tódolos concelleiros /as do Pleno municipal , éste **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Expresar o apoio aos traballadores e traballadoras de Alcoa e ás súas mobilizacións.

SEGUNDO.- Demandar da Xunta de Galiza (COA ACLARACIÓN DE ALCALDÍA DE QUE SIGA FACENDO O QUE XA FAI) a realización de todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo de Alcoa en Galiza, a comezar por:

TERCEIRO.- Solicitar inmediatamente da multinacional a retirada do ERE de extinción de emprego.

CUARTO.- Promover a constitución dunha mesa de negociación para loitar pola continuidade da empresa na que se dea participación ao cadro de persoal, entidades sociais e administracións comprometidas coa súa permanencia.

QUINTO .- Negociar co goberno central un marco enerxético estábel para a industria do noso país que permita unha tarifa eléctrica galega que mellore a nosa competitividade por sermos produtores excedentarios de enerxía, contribuíndo ao abaratamento da factura destas industrias baixo o cumprimento dunha serie de compromisos de investimento e mantemento dos postos de traballo.

A Alcaldesa pasa o seguinte punto da orde do día.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

A Alcaldesa dalle a palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG D. Xosé Luis Rivas que fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Pregunta se xa está tomada a decisión de suscripción ó Diario Galego , xa que necesitan 3.000 Resposta a Alcaldesa “ dirémosche “.

2.- Roga arranxo de Pista de Romelas A Pousada.

Resposta a Alcaldesa que xa está prevista dentro das obras cuxos contratos foron asinados neste luns , asinando nove contratos de obras .

3.- Pregunta pola modificación do PXOM , e polo estudo previo .

Resposta a Alcaldesa que fixeron unha reunión aberta para que garantindo o cumprimento previo de tódalas leis (incendios, montes e lei do solo) ver se e posible atender as alegacións dos



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

veciños.

O concelleiro do BNG di que advirte sobre todo para a xente gandeira que o feito de ter unha planta de biomasa en Curtis e promover reformas dos PXOM para que o solo sexa de protección forestal e protección ordinaria pode ter problemas, o gando pode quedar sen alimentos, e terán que pagar pensos caros, que perder o labradío vai en contra da xente e a favor de Ence, madeira si pero tamén solo agrícola que e o noso futuro. Sinala que países emerxentes están a comprar terras de labora fora do territorio do país para garantir a alimentación da poboación.

Di que este e un problema serio.

A Alcaldesa di que hai zonas que foron monte toda a vida que non valen para agrícola, que hai terreos cheos de silvas. Sinala que inda se está estudando a modificación e reuníndose nas Consellerías competentes. Sinala que non ten sentido que un monte en Arceo con terras que non valen para agrícola tivera que arrancar eucaliptos.

O concelleiro do BNG crítica que non se respeten as concentracións parcelarias e os gastos nelas con diñeiro público.

Entáblase un diálogo entre o concelleiro D. Luis Rico e o concelleiro D. Xosé Luis Rivas sobre o pouco valor do solo agrícola e o abandono do rural, sen entrar estas intervencións nin en rogos nin en preguntas.

4.- Pregunta o concelleiro do BNG se o equipo de goberno pensou na residencia no incremento de nóminas e en parar tanta baixa.

A Alcaldesa sinala que o sindicato presentou convenio que non ten previsto o persoal da Residencia xa que o feito de pagar salarios determinados a ATS, Fisioterapeuta, „non e asumible igual que no Concello hai xente con títulos que non se corresponden có seu salario. conclúe que ditos incrementos porían en problemas a tesourería municipal, que ela xa respetou outros dereitos como complemento antigüidade para persoal laboral temporal, asuntos propios, remata dicindo que hai xente que non fai todas as horas e que o incremento sen RPT sería reparado.

Di o concelleiro do BNG que os reparos se asumen e levantan no pleno que se regalamos 80.000€ a unha empresa no Festival de la luz si que se poden incrementar salarios.

5.- Roga se mire polas cunetas revestidas dos Abuís para abaixo.

Di a Alcaldesa que se limpiarán.

6.- Roga que se mire polo alcantarillado. A Alcaldesa resposta que xa se mira e revisa.

7.- Pregunta polos arranxos necesarios na residencia.

Resposta a Alcaldesa que a Secretaría falou coa diputación e que se verá se incautamos garantía que acabaremos no Xulgado.

A Alcaldesa dalle a palabra á concelleira do BNG D^a Raquel Val que fai o seguinte rogo ;1.- Que se mire por arranxar a obra feita e Santarandel.

Di a Alcaldesa que se levanta todo por aparcar sempre alí unha furgoneta que o Concello xa reparou dúas veces.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

A Alcaldesa dalle a palabra á concelleira do grupo municipal do PsdG_PSOE D^a Sandra Sánchez Iñíguez que fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Pregunta por arranxos no parque infantil da Gándara reclamados por un interesado

Resposta a Alcaldesa que falou directamente con el e fixo xestións para obter unha subvención para poder reparar ese parque , que os servizos técnicos municipais din que cumpre normativa pero que ten pensado cambiar xogos, tela de pista, tápiz bordillo . Remata sinalando que priorizou o colexio antes có parque da Gándara.

A concelleira roga un control técnico e verificar se pode estar alí o transformador e limpeza no parque .

2.- Roga que se mire por farolas que non funcionan na zona no taller de Vicente .

3.-Pregunta pola obra na Gándara.

4.- Roga o alcantarillado para o Pedral.

Resposta a Alcaldesa que xa licitada que se retrasou pola obtención de permisos .

Sobre o alcantarillado no Pedral di a Alcaldesa que ten un compromiso pola Consellería que tódolos cartos do POS non chegarían .

A Alcaldesa dalle a palabra á concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE D^a Ana Ledo que fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Roga que cando un interesado se queixe non se lle acuse de ter intereses políticos .

2.- Pregunta pola senda peatonal

3.- Pregunta que se vai facer cós cartos do Plan único POS 2019.

Resposta a Alcaldesa que está xa cansada de pedirlle o Presidente da Diputación axilidade para esta senda, que falta que os propietarios cedan e non sabe se a Diputación ten previsión económica para executar dita obra .

Sobre os cartos do POS 2019 di que non se sabe o que si ten claro e que non e necesario utilizar nin pedir o préstamo .

A Alcaldesa dalle a palabra o concelleiro do grupo municipal do PsdG-PSOE D. Abelardo Seoane que pregunta cando se van reparar os baches en camiño de Horros Andabao.

Resposta a Alcaldesa que nesta semana

Ás 21:19 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Boimorto,

A alcaldesa, MARIA JESUS NOVO GOMEZ	A secretaria, Rebeca Vázquez Vazquez
--	---